



CONTIDOS

Os temas 1 e 2 (Números racionais e números reais) deben integrarse nos demais de maneira que se traballen os seus contidos relacionados con xeometría, funcións, estatística e álgebra ao longo de todo o curso.

1.ª AVALIACIÓN

8. Lugares xeométricos. Figuras planas.
9. Corpos xeométricos.
10. Movements e semellanzas.
11. Funcións.

2.ª AVALIACIÓN

12. Funcións lineais e afíns.
13. Estatística.
14. Probabilidade
3. Polinomios.

3.ª AVALIACIÓN

4. Ecuacións de primeiro e segundo grao.
5. Sistemas de ecuacións.
6. Proporcionalidade numérica.
7. Progresións.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude		5%
Conceptos e procedementos	Probas escritas	90% (40% controis e 60% exame avaliación)
	Traballos, lecturas, libreta	5%
Participación: O alumnado que participe de maneira notoria en actividades do departamento como Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático, Olimpíadas, etc, poderá engadir entre 0,5 puntos e 1 punto á nota final da materia. Queda a criterio do profesor/a do alumno/a considerar quen é merecedor/a de dita calificación.		

A avaliación será continua e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro.

En cada avaliación haberá como mínimo dúas probas escritas ou exames. No último exame de cada avaliación poderá preguntarse ao alumnado por **toda** a materia dende o comezo do curso ata ese momento. No caso de que obteña unha nota inferior a 3 nesta proba, non fará media coas anteriores e o alumno/a terá que recuperar na avaliación seguinte.

Si a nota media dunha avaliación é superior en 0,75 ao enteiro anterior, levará como nota o seguinte número enteiro (exemplos: nota media:5,8 → nota avaliación:6 ; nota media:5,6→ nota avaliación:5).

A cualificación final do alumno/a obterase mediante a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes “pesos” en porcentaxes: **1ª avaliación: 25%**, **2ª avaliación: 35%**, **3ª avaliación: 40%**.

Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas de ortografía ata un máximo de 1 punto.

No caso de detectar que se está copiando nun exame, retirarase o mesmo inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de alomenos dous membros do departamento.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si

Lecturas recomendadas: Coleccións “El mundo es matemático”, RBA (a disposición do alumnado na biblioteca do centro e da aula), “El diablo de los números” <http://www.librosmaravillosos.com/eldiablodelosnumeros/index.html>

“El hombre que calculaba” <http://www.librosmaravillosos.com/hombrecalculaba/index.html>

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático, Vídeos matemáticos. Esopías. Fotografía matemática.



CONTIDOS

Seguimos o manual *Lingua galega e literatura 3º ESO*, Oxford Educación, 2011.

	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
CONTIDOS	<p>A diversidade lingüística en España.</p> <p>As categorías gramaticais.</p> <p>Os sintagmas. Suxeito e Predicado.</p> <p>Acentuación.</p> <p>Uso de b e v.</p> <p>A literatura medieval.</p> <p>As cantigas de amigo.</p> <p>As cantigas de amor.</p> <p>As cantigas de escarnio e maldicir.</p>	<p>Os complementos do Predicado.</p> <p>As oracións compostas.</p> <p>Uso de graffías conflitivas.</p> <p>A lírica relixiosa e a prosa medieval.</p> <p>Os Séculos Escuros.</p> <p>A literatura popular.</p>	<p>Tipoloxía textual.</p> <p>Textos dos medios de comunicación.</p> <p>Palabras cultas e patrimoniais.</p> <p>A puntuación.</p> <p>O Rexurdimento.</p> <p>Rosalía de Castro.</p> <p>Curros Enríquez.</p> <p>Eduardo Pondal.</p>

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Conceptos e procedementos	Libro lectura	Traballo obrigatorio	Actitude e participación na clase
70%	10%	10%	10%
(do que 8 puntos corresponden á proba escrita e 2 á oral)	(é imprescindible para aprobar)	(exposición de tema do currículo e libre)	(corrixir en voz alta as actividades na clase, caderno completo e traballo voluntario)

Faranse dúas probas, unha escrita e outra oral, por avaliación; computan o 70% da nota. O 30% restante repártese entre o libro de lectura obrigatoria e o traballo desenvolvido na clase e na casa.

Haberá que preparar ademais unha exposición oral de tema libre, para a que se deberá facer un traballo documental previo (que será entregado á profesora).

Non se pode aprobar se nalgunha das probas (escrita ou oral) se obtén menos dun catro, nin tampouco se non se demostra ter lida a obra literaria escollida para cada trimestre.

No caso de detectar que se copia nas probas, retirarase o exame inmediatamente e daráselle ao alumno/a a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos cando o resto dos compañeiros rematen a proba. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

En xuño faranse recuperacións por partes dado que as tres avaliacións se fan corresponder con bloques de contidos conceptuais relativamente independentes.

OS EXAMES DE AVALIACIÓN E FINAIS constan de tres bloques e hai que chegar como mínimo a un 4 en cada un deles para que as notas fagan media.

BLOQUE I) Dúas preguntas relativas á comprensión dun texto dado [2 p]

A primeira será unha destas:

- Resumo breve do texto ou dunha parte del.
- Estrutura do texto.
- Ideas principais e secundarias.
- Intencionalidade do autor/a.
- Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique.
- Significado concreto dalgunha palabra ou expresión no texto.

A segunda consistirá nunha redacción sobre o tema que trate o texto (mínimo: 20 liñas) [2 p]

BLOQUE II) Dúas cuestións de lingua prácticas. [2 p]

BLOQUE III) Dúas cuestións teóricas [4 p]:

- Unha pregunta sobre contidos de Lingua.
- Outra sobre contidos de Literatura.

Valorarase tamén a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar un máximo de 2 puntos por erros de lingua.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Escóllese un título por avaliación como lectura obrigatoria, sendo unha listaxe aberta:

- De MARCOS CALVEIRO: *O pintor do sombreiro de malvas, Todos somos, Centauros do norte*
- De LEDICIA COSTAS: *Unha estrela no vento, O corazón de Xúpiter, Recinto Gris*
- De AGUSTÍN F. PAZ: *Aire negro, Corredores de sombra, Noite de voraces sombras*
- De GEMMA LIENAS: *O diario vermello de Carlota, O diario violeta de Carlota*
- De ANDREU MARTÍN e JAUME RIBERA: *O diario vermello de Flanagan*

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Procurarase que o alumnado coñeza a algún escritor e que asista polo menos a un espectáculo teatral e/ou musical en galego.

Probablemente no último trimestre fagamos unha saída a Santiago ou Coruña para visitar o casco histórico, algún museo e algunha exposición.



IES de Mugarodos. Departamento de LINGUA CASTELÁ

E LITERATURA

MATERIA :LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

PROFESORA:MARÍA AMADA PERNAS PRIETO

ESO

3º ESO

2014-2015

CONTIDOS

- Tipoloxía textual: os textos narrativos e descriptivos. Caracterización e análise. Comprensión e produción.
- O texto lírico: análise dos procedementos rítmicos.
- Os textos xornalísticos: análise dos xéneros.
- A banda deseñada: características e análise narrativo.
- Comprensión e expresión: localización do tema e partes do seu desenvolvemento en diferentes textos. Resumo e paráfrase.
- A oralidade: características propias. Mecanismos do diálogo
- A literatura castelá: correntes, autores e obras máis salientables da Idade Media, o Renacemento, o Barroco e a Ilustración (séculos XI a XVIII).
- Morfosintaxe: categorías gramaticais. Funcións sintácticas, sintagmas e a estrutura oracional. Componentes das palabras. Mecanismos para a formación de palabras.
- Semántica: sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia. Campos semánticos.
- Regras xerais de ortografía e acentuación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Comprender as ideas xerais e as informacións específicas de textos de diferente tipoloxía. Seguir o desenvolvemento dun tema académico e ser quen de plasmalo nun resumo.
- Comprender a intención comunicativa dun texto. Facer inferencias.
- Componer textos de diferente tipoloxía segundo criterios de adecuación, coherencia, cohesión e gramaticalidade.
- Empregar os coñecementos literarios para a comprensión e valoración de textos en castelán dos séculos XII ao XVIII. Amosar coñecemento das relacións entre as obras, o seu contexto e os seus autores.
- Coñecer a terminoloxía necesaria para a reflexión sobre a estrutura da lingua. Aplicala a casos prácticos.

Procedementos de avaliación:

Probos obxectivas: 70% da nota final.

Traballos encargados polo profesor sobre os libros de lectura: 10 %.

Traballo na aula e actitude: 20%

Para facer a media da asignatura, haberá que obter coma mínimo un 4 sobre 10 en cada un dos apartados en que están divididos os contidos.

Ortografía: nas probas obxectivas, descontarase 0'05 por cada erro de acentuación e 0'1 por cada erro ortográfico, ata un límite de 1,5 puntos.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Cada alumno debe escoller un libro por avaliación entre os que lle oferte o profesor. A súa lectura será obrigatoria e condición sine qua non para facer a media da avaliación, para o que se fará unha proba específica. Tamén poderá ler outro libro voluntariamente para subir a nota (0'5 puntos).

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O Departamento deixa aberta a posibilidade de realizar diversas actividades complementarias e/ou extraescolares, sen concretar datas, pois en moitos casos estas dependerán da oferta de representacións teatrais, conferencias, que se levasen a cabo durante este curso académico.



Departamento de **CCSS – XEOGRAFÍA E HISTORIA**

CURSO: 3.º ESO

MATERIA: Xeografía

PROFESOR: Francisco Canoura Quintana

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN:

Tema 1: O Espazo Físico en que Vivimos a Tema 4: A Organización Política de Europa, España e Galicia

2.ª AVALIACIÓN:

Tema 5: A Actividade Económica a Tema 12: O Sector Terciario na UE, España e Galicia

3.ª AVALIACIÓN:

Tema 13: Os Retos da Poboación a Tema 16: O Reto Ambiental

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude			
Conceptos e procedementos		Probas escritas	70%
		Traballos	20%
		Lecturas	10%

Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

No caso de detectar que se copia nos exames retirárase o exame inmediatamente e poráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si/

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Excursións e saídas á contorna

Materia: INGLÉS
Profesor/a: Gabriela Sánchez Cortizas

ESO - 3ºPDC
2014-2015

CONTIDOS		
1.ª AVALIACIÓN	2.ª AVALIACIÓN	3.ª AVALIACIÓN
Units 1,2,3 (Smart Move, ed.Oxford)	Units 4,5,6 (Smart Move , ed. Oxf ord)	Units 7,8,9 (Smart Move, ed. Oxford)
PROXECTOS E ACTIVIDADES RELACIONADOS CON CADA UNIDADE		

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN			
Actitude	5%	5%	Interese Comportamento Participación
Conceptos e procedementos	95%	Probas 70%	Listening 15% Speaking 15% Reading 20% Writing..... 25% Use of English (Grammar and Vocabulary) 25%
		Traballos 15%	Projects and classwork..... 10% Homework and Notebook5%
		Lecturas 10%	Books 10%

ACTITUDE: O alumno/a non debe amosar comportamento disruptivo nin abandono , considerándose abandono: falta de asistencia e retrasos continuados, ausencia de traballo na clase e na casa, falta de atención na clase, non traer material de forma reiterada, non facer exames, traballos

CONCEPTOS E PROCEDEMENTOS:

A) Avaliación da proba oral :O alumno/a demostrará unha competencia mínima en cada unha das destrezas na aprendizaxe dunha lingua estranxeira. En Setembro non se realizará proba oral.

B) Traballos: Cada "Project" puntuarase sobre 10 e farase a nota media dos traballos realizados no trimestre.

C) Lecturas obrigatorias: O alumno/a deberá demostrar mediante probas escritas a comprensión das lecturas marcadas para este nivel.

AVALIACIÓN POSITIVA: para aprobar a materia o alumno debe acadar un **35% mínimo na proba e debe chegar a un 50% na valoración global da materia.**

No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

Na proba de Setembro teranse en conta as tarefas de recuperación propostas para facer durante o verán, se o profesor o estima oportuno contará un máximo dun 20%.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si
Lecturas Obrigatorias/Recomendadas

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Plan ABALAR
Programa CUALE(A1,A2,B1)



IES de Mugarodos. Departamento de Francés

MATERIA FRANCÉS

PROFESOR/A M^a Olga Recio Sánchez

ESO

3.º ESO

2014 - 2015

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

Unidades 4-5-6 de *Pluriel 2*

2.ª AVALIACIÓN

Unidades 0-1-2 de *Pluriel 3*

3.ª AVALIACIÓN

Unidades 3-4-5 de *Pluriel 3*

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude:	Respeto, interés...	10,00%
Conceptos e procedementos:	Probas escritas/orais: -Comprensión oral e escrita -Expresión oral e escrita	80,00%
	Traballos	10,00%
	Traballo diario, cuaderno persoal, caderniño de actividades, deberes...	

A avaliación será continua, aínda que se poderán facer recuperacións ao longo do curso.

Para aqueles alumnos que non teñan aprobados todos os trimestres realizarase no mes de xuño unha proba global de recuperación.

-Nos traballos contará a súa calidade, e non so o feito de telos entregado. Descontará se se entregan fóra de prazo.

-Nas probas escritas, cando deban escribir en español, descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

-No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame e o profesor tomará as medidas que estime oportunas, como facer outro exame nunha data diferente No caso de negarse poñeráselle un cero.


PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non

Lecturas obrigatorias: Os libros de lectura leranse na clase. Non se terán que examinar deles, pero deberán facer algún traballo (resumos, listas de vocabulario...) Tamén se lerán xornais franceses en edición dixital.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Está programada a asistencia a unha obra de teatro: Le tour du monde en 80 jours, o vindeiro 24 de novembro, no centro Torrente Balester, en Ferrol.



CONTIDOS

1ª AVALIACIÓN

- unidade 1. o proceso tecnolóxico
- unidade 2. hardware e sistema operativo
- unidade 5. materiais de uso técnico

2ª AVALIACIÓN

- unidade 3. o ordenador e os nosos proxectos
- unidade 6. expresión gráfica: sistemas de representación
- unidade 7. mecanismos

3ª AVALIACIÓN

- unidade 4. a internet
- unidade 8. electricidade
- unidade 9. a enerxía

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua tendo en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

Como instrumentos de avaliación poderán utilizarse entoutros:

1.- **observación directa** do traballo na aula-taller e na aula de informática.

Na aula taller valorarase:

- o traballo diario realizado polo alumno(exercicios, actividades propostas para casa, etc...)
- o manexo correcto das ferramentas.
- o cumprimento das normas de seguridade.
- a actitude cara a asunción de responsabilidades dentro do grupo.

Na aula de informática valorarase:

- o traballo diario realizado polo alumno(exercicios, actividades propostas para casa, etc...)
- o manexo correcto das ferramentas informáticas.
- o cumprimento das normas de uso da aula de informática.
- a actitude cara a un uso responsable das ferramentas informáticas.

2.- **probos escritos ou orais ou probos con ferramentas informáticas**. Farase unha proba por unidade didáctica e cando menos, dúas probas por avaliación.

3.- **producións realizadas polos alumnos/as**: maquetas, informes escritos, traballos monográficos, etc...No que se valorará:

- a claridade na exposición escrita
- a utilización da simboloxía axeitada na representación gráfica.
- os datos obtidos cos instrumentos de medida.

No caso de que un alumno non poda asistir a unha proba, realizará outra proba sobre os mesmos contidos en datas posteriores.

As producións realizadas polo alumnado (maquetas, informes, traballos, etc...) e as probas escritas ou orais ou probas con ferramentas informáticas serán puntuadas cunha nota numérica de 0 a 10. Nos traballos escritos restarase 0,1 puntos por cada falta de ortografía ata un máximo de 0,5 puntos.

A cualificación que acade un alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

% da nota	Concepto
80%	Media aritmética das probas escritas (ou orais ou probas con ferramentas informáticas) realizadas
10%	Valoración das producións realizadas polos alumnos (traballos escritos, informes, proxectos ...).
10%	Valoración da actitude (puntualidade, traballo diario, respecto ós demais, cumprimento das normas de seguridade, manexo correcto de ferramentas). O desvío

	á Aula de Atención a Diversidade así como as amoestacións verbais ou escritas, suporán unha redución de 0,1 puntos (por cada unha) da nota de actitude
--	--


O alumno terá que acadar como mínimo unha puntuación de 5 como cualificación da avaliación para que se considere que acadou os obxectivos programados e poida aproba-la dita avaliación.

A nota do curso calcularase como media aritmética das tres avaliacións. No caso de que un alumno non acade os obxectivos programados do curso, fará unha proba final de todos os contidos da materia.

No caso de que se detecte que un alumno está a copiar nunha proba ou traballo, esta proba ou traballo será puntuado con 0.

PLAN DE LECTRURA ANUAL

Hora de ler: Si



IES de Mugarodos. Departamento de Debuxo.

MATERIA Educación plástica e visual.

PROFESOR/A Marta González Pérez.

ESO

3º ESO

2014 - 2015

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

As linguaxes audiovisuais.

Lectura da imaxe, imaxe fixa e en movemento.

A xeometría como soporte do proceso creativo.

Simetrías e ritmos.

2.ª AVALIACIÓN

Elementos cinfigurativos da linguaxe visual.

O deseño.

Os polígonos e a súa construción.

3.ª AVALIACIÓN

O volume.

O espacio.

Os polígonos e a súa construción.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude		<ul style="list-style-type: none">• Cada tres faltas de material por trimestre=0.• A non entrega de traballos na data proposta supón obter como máximo un 5, e se non se entrega tampouco na seguinte clase =0
Conceptos e procedementos	Probas escritas	50,00%
	Traballos	50,00%
<ul style="list-style-type: none">• O alumnado ten a opción de repetir ao longo do trimestre algúns traballos peor cualificados, sendo ésta a única forma de recuperar a avaliación		

• A boa actitude e disposición para o traballo, así como o cumprimento de normas de aula e do centro, axudará nos redondeos para sen chegar ao 5 poder superar a asignatura. Tamén teranse en conta os erros ortográficos e a mala expresión, a ausencia ou non participación nas actividades extraescolares ou complementarias propostas polo departamento, a limpeza na presentación, a orde, a participación activa na clase e as faltas de asistencia e puntualidade.

• O resultado final nas distintas avaliacións será a media matemática de tódolos resultados obtidos.

• A recuperación final da materia será en xuño usando a media matemática das distintas avaliacións, debendo ter un 3 como mínimo por avaliación para facer esta media. De non superar por este sistema a materia, haberá unha proba escrita de todos os contidos en setembro.

• Para o alumnado que non asista á realización das probas escritas nas datas marcadas, dependendo da xustificación da falta o profesor poderá decidir que facer.

No caso de detectar que se copia nos exames ou traballos retirarase o exame inmediatamente e poráselle un 0.

PENDENTES

A recuperación dos alumnos/as pendentes doutros anos será nas datas asignadas para tal feito de maneira trimestral por medio dun exame escrito, entregaranse, no caso de non telos, apuntes referidos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso pendente en cuestión para a preparación destes exames.

Haberá unha proba final escrita obrigatoria en maio para o alumnado que non vaia recuperando por trimestres.

Será responsabilidade do alumnado falar co profesor ou mirar no corcho de pendentes as datas das distintas probas, se non o fai así dende a primeira avaliación xa so lle queda a opción de examinarse en maio de todos os contidos.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Sí se o alumnado trae os seus libros.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Visita a algún museo se a exposición encaixa na programación. Facendo un traballo previo e unha proba posterior que contará para a nota da avaliación.